

Colección **Alén Nós**

# A Galicia rural na encrucillada



**GALAXIA**

**VALENTÍN ARIAS LÓPEZ**

**9. A ESCOLA RURAL  
EN GALICIA**

Propoñémonos reparar uns instantes na escola rural en Galicia.

Esto é, no ensino escolar que foi e é habitual na Galicia rural. Cecáis este ensino, a escola esta, ten algo que ver coa encrucillada na que se está a debater o rural galego. Pode ser que existan relacións dereitas entre a escola no noso rural e a desfeita na que se afunde o rural de nós.

Trátase do ensino primeiro. Chámaselle cómo se lle chame, a escola de primeiras letras. Polo común, o único ensino escolar que chega —cando é que chega— ás aldeas da nosa Terra. Na realidade, a única escola recibida polo tanto non analfabeto desas 3/4 partes da poboación galega que é a xente aldeá: labrega e marifeira.

E comprirá unha precisión. Ao faláremos da escola rural en Galicia referímonos ao ensino escolar que se adoita no medio rural galego. Mais co mesmo non estamos a calificar este ensino —como en boa lóxica debería ser— de rural e de galego. Por veces, a boa lóxica é asoballada por outras lóxicas; e así acontece que a escola que se adoita en Galicia rural nin é escola rural nin é escola galega. E el ben pudera suceder, xa que logo que se forme por esta fenda a eiva meirande da escola rural en



Galicia. Pro, non será ben adiantáremos as conclusións.

Veleiqué a derrota tracexada pra a andaina que imos encetar. De primeiras, ollaremos pra a escola rural en Galicia dende fora dela. Fixarémonos máis ben na súa fasquía esterna. Despoixa, tentaremos furarlle a codia pra entráremos a considerar o que acontece por dentro. Veremos de enxuiciar o ensino que se dá realmente nas escolas do rural galego. Por remate, diremos a nosa opinión no tocante a cómo entendemos que deberá ser a escola rural galega.

¿Qué este remexéremos na escola rural en Galicia ha de render froitos cativos, ademáis de por mor das propias limitacións porque aos aldeáns galegos nin siquera lles chegará noticia certa do que eiqué se fale e os responsábeles da mesma faránse os xordos? A esta interrogante, respostado con outra. ¿O risco de traballáremos pra o inglés xustificará a inactividade? Persoalmente, coido que non.

Pois adiante.

## I

### AS ESCOLAS

Dexergamos a infraestrutura docente da Galicia rural —poñamos por caso no que vai andado do século actual— e batemos decontado con dúas crases de centros: uns son debidos á iniciativa dos paisáns galegos, outros débenselle á Administración española. Dos primeiros son as escolas privadas e as creadas por institucións benéficas. Os segundos van dende as chamadas escolas unitarias até as concentracións escolares.

Son dous fatos de escolas con desenvolvemento inverso eiqué. No tanto que medra o número de escolas debidas á iniciativa oficial, no rural galego, debece o número de escolas debidas á iniciativa paisá. O que proba, parece, a comenencia da escola estatal nas nosas aldeas.

Na actualidade, case que toda a poboación rural de Galicia comprendida en idade de 6 a 14 anos atópase escolarizada, cando menos oficialmente, en escolas do estado. A comenzos do século actual, pra o caso toda a poboación rural galega que era escolarizada recibía ensino en escolas privadas ou de carácter asistencial. Así como hoxe o estado español atende escolarmente á maioría dos nenos ruráis galegos en idade de escolarización obligatoria, coma quen dí deica meiodos do século presente a educación escolar na Galicia rural ficou abandonada aos febles recursos da propia comunidade aldeá.

#### *Escolas de ferrado*

As escolas privadas do rural galego onde eu son chamámoslles escolas de ferrado. Porque o pago normal polo ensino dado nelas a un rapaz durante un ano de escola consistía nun ferrado de gran de centeo.

Instaladas na barra de calquera casarella, con pouca máis confortabilidade que ao mesmo ventimperio, alí dábase escola dos magostos ao entroido: durante os 4 ou 5 meses do máis crudo inverno. Tómesese nota das condicións materiais e de tempo en que se daba o ensino eiqué.

O escolante podía ser, poñamos por caso, o galocheiro do lugar. Que esgarabellaba zocas ou arranxaba galochos pola mañá e poñía escola polo serán, tocaba a gaita do fol a xornal nas romaxes da bis-

barra e aforquiñaba os porcos da ceba en meia legua á redonda polo Nadal. Considérese a calidade do ensino que eiquí se podía dar.

E non hai dúbida ningunha de que foi nesta crase de escolas onde teñen recibido ensino —todo o seu ensino escolar— os máis dos aldeáns galegos que acodiron á escola nas primeiras décadas do actual século. Compre non esquecelo á hora de facer balance do bagaxe cultural con que se atopan equipadas a maioría das xentes labregas e marifeiras de Galicia que non baixan, por exemplo, da idade de 35 anos.

Como dato que me toca ben de perto podo facer constar que eu, nado nunha aldea a non máis dunha legua distante dunha vila aínda grandeira, encetéi a andaina escolar por unha escola de ferrado.

#### *Escolas oficiáis*

A escola oficial non a atopamos xeneralizada na Galicia rural hastra chegáremos aos derradeiros 15 anos. Denantes de entón, as atencións prestadas pola Administración ao ensino escolar na Galicia rural teñen sido certamente facareñas.

Un soio dato pode abondar pra ilustrarnos sobor do particular. Polo ano 1910, en todo o rural do concello de Sarria —que era poboado por máis de 12.000 persoas espaxadas por preto de 200 quilómetros cuadrados— existían 4 escolas oficiáis. Sarria, neste senso, non é ningunha esceción dentro do rural galego. E non virá mal lembrar que a *Ley Moyano*, en vigor daquela, dispuña a existencia de 2 escolas por cada 500 habitantes. No rural de Sarria había 2 por cada 6.000: unha ducia de veces menos das que legalmente debería haber. Mal podían prestar 4 escolas o servicio de 48. E

este mesmo concello gastaba por aquelas datas un total de 475 pesetas ao ano no tocante a atencións de instrución.

Fagamos atención na escola oficial da Galicia rural durante o primeiro tercio do século que andamos (miséria de escolas, pioca na que se desenvolven éstas, mágoas que agonían aos escolantes) e teremos diante un cadro case dantesco: axuntamentos que non pagan en varios anos nin o xornal dos mestres nin o aluguer dos locáis docentes, escolas instaladas en locáis esbandallados por todas as beiras, xostregazos dos caciques descontra dos escolantes que se lles non someten...

No primeiro lustro da década dos 30 a situación escolar na Galicia rural mellorou un algo, como mellorou en toda España. Polo entón notouse o esforzo educativo da República, guiada da man en materia educacional polo pensar da *Institución Libre de Enseñanza*. Pro aínda así, a escola estatal non chegou nin con moito a todo o noso rural.

Logo despóis, polos anos 40, incluso se arrecoúo: entre outras causas porque, como se sabe, rematada a guerra civil, e quén por uns motivos, quén por outros —purgas e baixos salarios non foron dos menos importantes—, moito do mellor maxisterio de nós foi decididamente afastado do ensino oficial.

#### *Escolas de "americanos"*

A laceira escolar que padecía Galicia, a rillar decote nos miolos das xentes galegas, foi causa seguramente que empurróu a numerosos emigrantes desta Terra, ao se atoparen fora dela, a que axuntaran esforzos individuáis ou en común e construíran escolas —normalmente moi ben dotadas— nos seus lugares de procedencia.

Son as coñecidas por escolas dos “americanos” —pois que era cara América pra onde se encamiñaba naquelas alturas de feito a emigración galega— que abundan particularmente na comarca luguesa de Viveiro, nas cruñesas de Ortigueira e Amaía, no pontevedrés Baixo Miño, etc., etc. Algunhas aínda prestan o seu servicio ordinario, outras fican arrombadas, hainas que foron destinadas a usos diferentes.

No seu tempo, estas escolas foron centros anovadores do ensino escolar en Galicia; ademais de polas posibilidades que lles fornecía a súa xenerosa dotación económica, por razón de se nortearon os fundadores cara pra un ensino máis ben progresista. Moitas delas, como é lóxico, viñeron parar aos meios rurais. A nós merécennos un grande respecto: polo que teñen de obra docente significada —remendo de inhibicións oficiais, amostra de educación cos tempos— que se lles debe a paisáns galegos, en grande medida analfabetos.

#### DAS ESCOLAS UNITARIAS ÁS CONCENTRACIÓNS ESCOLARES

E así chegamos a épocas recentes.

Ao abeiro da Lei de Construcións Escolares do 1953, financiada no 1956, nalgúns turreiros, nalgúns agros, nalgunhas encrucilladas, e mesmo nalgúns montes galegos, xurdiron esas inconfundibles edificacións brancas e a dúas augas, de ladrillo pandeirete e tente masa mentres pasa, que son as escolas unitarias —de un soio escolante— características elas de determinadas datas. Xa nos días de hoxe, en arrecendo de reforma educativa pola grande, nunhas cantas vilas galegas érguense concentracións escolares —son edificacións polo regu-

lar de incongruencia radical coas normas arquitectónicas e a paisaxe do país— que abranguen feixes de escolas unitarias.

Pro, destas concentracións escolares e máis destas escolas unitarias será cousa de tratáremos cunha miga de vagar.

#### *As escolas unitarias*

O espaxamento de escolas oficiais polas nosas aldeas adiante non se produce, naturalmente, por un casual. Lémbrese que o ano 1953, o da Lei de Construcións Escolares, é o ano do pacto con Estados Unidos. Péñese na incorporación da obra de homes con determinada ideoloxía, a traveso do goberno do Plan de Estabilización en 1957, ao intento da recuperación económica de España. Repárese en que o goberno do primeiro plan de desenvolvemento constitúese no ano 1962. E xa non hai por qué falar máis.

Aquela morea de escolas unitarias espalladas polo rural galego arredor do ano 1960 por necesidades internas do capitalismo industrial en España —facíanse precisos homes que souperan ler ordes de traballo— resultoulle inservible á tecnocracia imperante no remate da década —agora comprendentes que interpreten e manexen máquinas costosas e delicadas. Veremos algúns porqués.

O illamento en que se atopaban as escolas unitarias deu pe a baixos rendementos do profesorado que as servía. Quer pola escasa matrícula que proporcionaba o alumnado local nalgúns casos. Quer porque este profesorado, isolado e sin estimulacións especiais, remataba por se adocenas intelectualmente e por se mesturar cos propios aldeáns con frecuencia demasiada. Quer porque a imposibilidade

de controlar debidamente ao mesmo resultóu tapadeira de repetidos incumplimentos nas obrigas laborais e mesmo de personais interpretacións do labor educativo.

O seu espallamento foi escusa crara pra non dotar apenas de material docente estes centros. Sabido é que hai material didáctico —por exemplo a maioría do audiovisual— que custa o seu e pra ser rentábele debe ser utilizado por un número elevado de escolares.

A diversificación do alumnado nas escolas unitarias —rapaces de 6 a 14 anos nunha crase— foi atranco que impedíu de por sí o ensino especializado. Non é pensable que unha persoa se especialice á vez en todas as áreas e nivéis que son propios da Educación Xeneral Básica, nin é presumible tampouco que unha persoa soia atenda ben a 8 crases diferentes a un tempo.

#### *As concentracións escolares*

Pra esta mancha de encomentes noxosos atopouse ben logo remedio doado. Abondóu con lle aplicar á empresa educativa os criterios que son habituais na empresa capitalista actual.

Con moitos talleres pequenos faise unha fábrica grande. Con moitas escolas unitarias constitúese unha concentración escolar. Nas fábricas grandes racionalízase o traballo por miúdo co gallo de amestrar a produtividade. Nunha concentración escolar con milleiros de alumnos matriculados, ben clasificados en fatos de 40 pícaros coma quen dí iguales por aula, atendidos por profesores especializados por nivéis e por áreas, dispoñendo de abundante material didáctico que está en uso constante, con avaliacións ben rixidas cada cando, tutores de

curso, xefes de departamento, coordinadores e responsábeles, máis un bo director de confianza pra quen o manda exercendo severo control por riba de todo, ás inversións en educación débeseles tirar o rendemento meirande.

Estes criterios tecnocráticos producen resultados brillantes cando se xoga coas persoas reducidas a números e se riscan proxeitos con computadoras sin contaren nin unha res quenes han de ser usuarios; pro teñen a contra de que se non acomodan á realidade. A ubicación urbá das concentracións escolares en Galicia —deixando de man liortas caciquís e posibles alcaldadas— resulta doada pra os mestres pro non pra os rapaces.

Como acontece que os escolares residen espallados polo rural, faise preciso trasportalos cada día do seu domicilio á escola e desta a aquél. Pois nas máis das concentracións escolares, por moito ben que se orgaíce o transporte este, haberá meniños obrigados a botaren varias horas diarias enchoídos nun automóvil. O que, pedagóxicamente falando, non será precisamente defendible. As macrodimensións destas mesmas concentracións, eiquí, levan de seu á mesturanza nun centro de escolares con moitas diferencias. Normalmente, da veiga e da montaña, do urbán e do rural, todos a recibiren o mesmo ensino ao mesmo tempo e no mesmo lugar. Co que o ensino alí, por moito coidado que se poña nel, non haberá de resultar axeitado a todos e cadaquén. Con estes grandes centros créase a necesidade dunha grande burocracia e duns numerosos servicios adicionais que veñen ensarabillar aínda máis o seu funcionamento normal.

E a todo elo chegóuse por camiños de evidente artificialidade.

O encarreiramento do ensino rural en concen-

tracións escolares, en Galicia, adoece de chatas que o fan refugábele. Decidiúse sin consultar, que ún saiba, nin cos escolares, nin cos pais destes, nin cos escolantes, nin coa sociedade rural galega, que son, ao cabo, os estamentos máis dereitamente interesados. E decidiúse sin reparar nas eivas que supón a masificación innecesaria da nosa rapazada. Seica ninguén tivo en conta a función do mestre na aldea, ademáis de como ensinante, como auténtico animador social. E non se respetou nin siquera o esforzo aldeá que foi usado pra construír cáseque todas as escolas unitarias do noso rural.

As concentracións escolares actuais na Galicia rural cadraránlle rentuábeles á Administración española, resultaránlles de maior comodidade a algúns profesionais do ensino que traballen nas mesmas, pro as aldeas galegas —orfas xa das súas escoliñas— agora non contan con posibilidades maiores das que tiñan denantes, e aos nenos do rural galego engaiolarános, estanos engaiolando, nunha nova trapela máis.

Craro é que na práctica bátese con dificultades. Polo pronto, hai construtores que se queixan de que non cobran, e hai directores que se laian de que non dispoñen das consignacións necesarias pra manteren a funcionar a meada embeleñada de servicios e burocracias que estas concentracións levan aparelhada. E será polo dito logo que, hoxe por hoxe, en Galicia hai ducias de edificacións con destino a concentracións escolares nas que se levan empregados centos de millóns de pesetas polo estado xa fai varios anos, que requiren varios millóns máis pra amañar o que xa se esmarañou nas mesmas, e aínda se non sabe certo se algún día acollerán escolares. Nalgunhas das que andan a funcionar xa agroman os problemas: xantares que non

manxan os rapaces, transportes á conta dos pais e deshumanizados, crases non máis que pola mañá... Son atrancos que nós non inventamos.

Ún fai renuncio por un intre das contas mecanizadas, bótase a paticar arreo o rural galego, e aventura si non sería máis axeitado, menos caroso en custes sociáis, e polo mesmo máis rentuábele en promoción humá, o agrupar as escolas unitarias do rural por bisbarras, que son comarquiñas naturais, ao compás que as situacións concretas marcaren —eiquí, unha presada; alí, unha manchea—, mergullando a fondo as escolas na realidade económico-socio-cultural en que se atopan instalados de seu os propios escolares.

## II

### O ENSINO

As escolas, os centros docentes, no tanto que mediatizan dalgunha maneira as relacións educandos-educadores, e máis no tocante a que condicionan nalgunha medida a organización do ensino escolar, teñen importancia incuestionábele no proceso educacional, pro non decisiva: concordamos todos en que un centro escolar modelo non garantiza un ensino axeitado, e tamén ao contrario. E como o que importa en verdade é a calidade do ensino mesmo, pra enxuciar o labor educativo da escola resulta indispensábele traspoñer a súa soleira, franquearlle as portas, e botarse a furgar no que sucede verdadeiramente alí dentro.

Escoldriñemos un algo nos elementos máis visíbeles do ensino escolar na Galicia rural.



*Escolares*

Os nenos do rural galego aínda non teñen sido ouxeto de ningún estudo comprido; que nós conozamos cando menos. E éste non sería escusado, pensa ún sin necesidade de se pasar de agudo, si é que hai intención sinceira de facerlles u nensino apropiado a estes nenos. Ogallá que algún mozo preocupado pola educación nos dea ocasión de gorentalo. Entrementres, anotamos algúns datos que se tiran da simple observación cotiá dos mesmos.

Os nenos ruráis, en xeneral, saben facer máis e saben decir menos que os nenos urbáns. Aquéles posúen información máis comprida que éstes verbo de cousas e sucesos naturáis: prantas, animáis, fenómenos da natureza, etc. O ritmo vital das crianzas aldeás, polo común, resulta máis demorado que o das crianzas cidadás. Os nenos ruráis son máis cultos que os nenos urbáns: entendendo por cultura a resposta que dá unha persoa diante dunha situación que lle é nova... Ademáis do dito, os nenos da Galicia rural, en particular, atópanse naturalmente instalados na cultura e o idioma que son propios do rural galego.

Onte sí e hoxe tamén, pra o caso todos os rapaciños do rural de Galicia toman concencia das súas dimensións máis íntimas, tanto familiares coma sociáis, individuáis e colectivas, precisamente a traveso do idioma galego e da cultura rural galega. É un feito comprobábele.

Estes meniños, asegún nos informa a socioloxía máis elemental, participan nunha imaxe do mundo, nunha constelación de valores, nunhas pautas de comportamento —as que posúe o fato humán ao que eles pertencen— que se diferencian fundamentalmente das que lles son propias a outros meniños. E

na España actual é cuestión decidida que a educación ha de ser persoalizada. Isto é, ou debe ser, conforme ás circunstancias que concurren en cada persoa: xustamente coa mira de que ésta sexa máis persoa cada vez. O cal require facer pe durante o proceso educativo do escolar precisamente na cultura que a el lle é máis natural. A afirmación aforalámola, pra que se non considere valdeira, cunha cita da Asociación Americá de Antropoloxía, suscrita en 1947: "o individuo realiza a súas persoalidade a traveso da súa cultura, e de eiquí que o respecto coas diferencias individuáis se avincalle co respecto pra coas culturas diferentes". Seméllanos craro.

Pois nos centros galegos de formación do profesorado de primeiro ensino non se informa por menorizada e sistemáticamente aos futuros escolantes na Galicia rural encol das peculiaridades dos nenos ruráis galegos, nin tampouco do tratamento concreto que se lles debe aplicar na escola a estes nenos. O sistema de provisión de escolas durante os anos que van fora do século XX non lles esixe aos profesionáis do ensino ningún coñecemento específico pra exerceren a docencia no rural galego.

E de feito, deica o de agora, no tratamento escolar que se lles dá usualmente aos rapaciños ruráis galegos nin se ten en conta a súa condición de ruráis, nin a de que os mesmos se teñen aberto ao mundo polo canle da cultura galega, nin a de que o idioma propio deles é a lingua da nosa Terra. Como non sexa pra empurralos a se esqueceren de todo esto que lles toca nas frebas máis fondas, nas cordas máis íntimas, do seu ser diferenciado.

*Escolantes*

Fai algúns anos era doado bater con escolantes casteláns exercendo en Galicia. Hoxe sucede o contrario: unha mancha de mestres galegos andan espallados por España adiante. Dito en poucas verbas: denantes importábase escolantes, agora esportámoslos. Denantes e agora, sempre como efecto producido pola mesma causa: o noso subdesenrolo económico-social.

A crase meia tirando a baixa, que é de onde procede o porcentaxe maior dos profesionáís do ensino elemental, non tivo aceso a esta profesión ao mesmo tempo en toda España. Cando en Galicia aínda non acadara a posibilidade de cursar estudos meios, esta crase social noutras rexións españolas xa andaba a producir ensinantes. Agora que en Galicia ten acadada esta posibilidade, noutras rexións encarréirase a dita crase cara pra profesións economicamente máis rentábeles.

O certo é que o ensino rural de Galicia, que ten estado atendido en grande parte por mestres foráneos, hoxe en día atópase case unicamente nas mans de mestres paisáns.

E ben. Os escolantes chegados ao rural galego —tanto os foranos coma os paisáns, e dentro destes mesmo os de procedencia rural— fixéronlles unha escola aos meniños do rural de Galicia na que concordaron decote nun punto esencial: ensino en idioma castelán con referencia espresa á cultura urbá. Quérese decir, absolutamente de costas ao idioma galego e á nosa cultura rural.

Non podemos, dende logo, pedirles contas a estes mestres polo feito rexistrado. Os mandados legáís estiveron decote craros ao respecto. Podemos, eso sí, preguntarlles ou preguntarnos ¿en vir-

tude de qué principio pedagóxico ou de qué ideoloxía educativa acetaron eles este proceso educacional como cousa normal? Porque o sabido é que, por unha banda o zoqueiro aquel que oficiaba de escolante nunha escola de ferrado, por outra banda algún mestre tiduado con escola en propiedade na súa aldea nadal, e máis aínda certos mestres que puñeron escola e cultivaron o galego literariamente —homes eles que usaban do noso idioma nas relacións familiares e de veciñanza—, ao se rubiren ao poleiro da docencia impoñían, usaban e esixían, o idioma castelán nas relacións escolares.

O lero non é descoñecido e arredor do tal xa se ten escrito algo; por exemplo, no caso parello que é eiquí o do crego rural. Mandados aparte, e escludas complicidades conscentes, é do común que ao se decatara desasistido de autoridade real ún percura pseudoautoridade cobexándose coa carauta. En derradeiro termo, complexo de inferioridade.

Se houbo algunha esceción —dentro das posibilidades—, e algunhas houbóas, éstas foron protagonizadas poda ser que non por máis escolantes de orixen galego que de orixen forano. A explicación é doada: os mestres casteláns, ou estremeños, ou andaluces, ou de onde sexan, de ordinario chegan aos medios ruráís galegos mellor dispostos pra entenderen éstos que os mestres galegos. O porqué tamén se sabe: os forasteiros andan limpos de moitos prexucios atinxentes ao rural de Galicia que buligaron e buligan no maxín da maioría dos coterranos.

E non acougamos se fica por suliñar que, polo regular, os profesionáís do ensino que teñen feito mellor labor nas aldeas foron xustamente os que máis se aldeanizaron. Con notorio escándalo, incluso, de compañeiros e autoridades; que, regular-

mente, por este feito consideran ao mestre degradado. Aquel mestre rural que gasta pucha e calza zocos, que se cadra igual ara unha leira e máis pon un carro de balume, pode ser un chafullas adocenado. Pode selo, pro se cadra —e cadra con maior frecuencia do que anormalmente se pensa— este mestre desenrola un comprido labor educativo, ao servizo dos intereses auténticos dos educandos, no medio rural en que traballa.

A educación que se tenta dende fora, dende outeiros moi distanciados dos educandos, sin luxar as mans no material que se traballa, con frecuencia non é educación que é domesticación. E por moito que rimen ambas verbas, antre os conceptos que elas espresan median distancias insalváveis.

#### *Os libros*

É verdade que nalgún curruncho dos cuestionarios oficiáis do ensino primario escríbese normalmente que cada mestre debe tirar dos mesmos un programa axeitado “á realidade concreta da súa escola” e que se debe “poñer ao escolar en contacto co medio real que o arrodea”. Cecáis porque estas indicacións non se escriben en letras moi grosas, ou porque o seu contido non está concretizado por miúdo, polo regular os mestres ruráis en Galicia interpretáronas tradicionalmente pola vía doada de iforalas. E polo que atinxe ao idioma galego e á cultura rural do país, non se pode decir que a inspección oficial de primeiro ensino teña sido moi esixente no cabal cumprimento delas.

En troques, os poucos libros e textos escolares que chegan de feito ás escolas ruráis galegas son idénticos aos textos e libros escolares que chegan,

poñamos por caso, ás escolas urbás do madrileño Lavapiés. Escritos en idioma castelán e tendo por referencia e mira a cultura propia dunha crase social burguesa e urbá, estes libros e textos docentes estánlle a berrar ao picaríño rural de Galicia que a escola é cousa que se atopa moi lonxe do que lle é habitual a el. E de feito, a escola —que se di nos libros que debe ser continuación do fogar— pra os meniños ruráis galegos ven a ser un lugar de tormento onde todo canto se lles obriga a facer elles completamente alleo.

Tendo por centro do seu labor o libro, a escola actual enceréllase nunha mesta dependencia deste. Con que ben se ve a trascendencia de que haxa concordia entre libros e escolares. Pois polo común, os libros que se lles poñen diante aos escolares do rural galego, tanto que sexa polo idioma en que están escritos como que sexa pola temática que tratan, —non acollen referencia dereita a cousa que se atope perto dos tales escolares— nin son entendidos por estes nin lles teñen a menor comenencia aos mesmos.

¿Poderánlles interesar os libros que se usan na escola que se lles fai aos nenos do rural galego?.

#### *O aprendizaxe*

Mírese por onde se mire e cóllase por onde se colla, a escola rural que é usual en Galicia parece ter como oxetivo primeiro o de instruír e non o de educar. Confesada ou non confesada, a súa aspiración básica semella ser a de depositar conceptos nos pasivos escolares. Podemos concordar ou non —por suposto, discordamos— con esta orientación actual da escola rural en Galicia. O que

non podemos é non recoñecer que nin siquiera este ouxetivo acada. Pódese probar.

Os mestres do rural galego temos constatado, afeito, que os picariños ruráis na escola que lles facemos adprenden pouco e mal. Isto é evidente. Os mestres do rural galego botámoslle culpa a condicións étnicas que lles son inherentes a aqueles picariños. Decimos que eles son pechados pra o ensino. Acetamos pra os mesmos como cousa natural o apelativo “romos da aldea”.

Pro esta explicación é, polo pouco, inxenua. Ninguén ten demostrado que os meniños da Galicia rural carezcan de capacidade pra deprenderen máis ou menos coma calisqueras meniños normáis. Unha explicación máis xunguida á realidade acabala sobor de tres condicionamentos de tipo social: alimentación faltosa, asistencia escolar eivada, ensino desaxeitado. Sin tirarlles a importancia aos dous primeiros, pra o caso que nos ocupa o derradeiro ten importancia preferente.

Por unha banda, como xa se dixo, os contidos do ensino que se lles leva aos picariños ruráis eiquí non lles interesan ren: son cuestións pra eles excesivamente fora de alcanzo. Por outra banda, e como se dixo tamén, o que lles é ensinado a estes picariños non lles é comprensíbele: sumístrase-lles envolvemento na mortalla dun idioma que non dominan; e veleiquí que ten suscrito a UNESCO fai 20 anos “a lingua nai permite adprender mellor e máis axiña que outra lingua mal coñecida”. Que adprendan pouco e non reteñan moito os meniños do rural galego, nestas condicións, non debería estranarnos. No tanto de lles berregar pola cha-

mada falla de apricación, resultaría de máis tino axeitarlles o ensino.

A escola rural en Galicia marra incluso na transmisión de coñecementos.

### *O rural e o urbán atopados*

O urbán e o rural, que son diferentes naturalmente —unha persoa urbá diferénciase dunha persoa aldeá no sistema de valores por que se rexe, nas pautas de comportamento que lle son propias, na maneira de vestir que ten por habitual, no xeito de andar normalmente, etc., etc.— en Galicia atópanse máis xebrados do que é natural. A cidade en Galicia por esa teima imitadora na burguesía e na crase meia —consagrando canto supoñen castelán e refugando canto lles cheira a galego—, empoléirase a distancia moi considerábele da aldea galega. A realidade é que, entre nós, o rural e o urbán andan atopados de vello; cunha “actitude recíproca sensíbelmente hostil” en palabras do profesor Beiras, quén consina ademáis que o mundo urbán en Galicia camiñou ao lombo do mundo rural galego coma un peso morto.

A escola rural en Galicia, presentando a cultura urbá como a única cultura verdadeira, está a contribuír bastante eficazmente a que o tal enfrentamento se non resolva precisamente pola vía da equidade.

As contas chegan a tanto que aquí compréndese moi ben, por exemplo, aquela señora maestra, de estración urbá tirando a burguesa, que considera redondamente incultas ás xentes aldeás onde ela ten a súa escola. Comprendémola e concordamos con ela; á condición —sin eso si que non— de que esa señora maestra acete como

igualmente normal que a consideren a ela redondamente inculta as xentes aldeás da parroquia onde está a escola que debería ser delas. Os aldeáns galegos son incultos si se ollan dende o fitoiro da cultura urbá, burguesa e castelá; os urbáns de Galicia son incultos si son ollados dende o fitoiro da cultura rural e galega.

Outra teima é, como se oie a cotío, que agora as aldeas están máis civilizadas; abonando na conta da escola rural o ser causa maioritaria deste efecto. Pra nós é certo... na medida en que se consideren sinónimos os adxetivos civilizado e desnaturalizado. En relación co lerio, cecáis compre anotar que polo camiño encetado as concentracións escolares van dereitiño a darlle ao noso rural a puntilla.

Os mestres, alleos ou aliados, —polo común ben máis éstes que aquéles— cando impoñen no rural galego unha cultura escolar con punto de mira e referencia na cultura urbá e castelá, están de por sí a lexitimar e a consolidar a invasión cultural da Galicia rural. Estes mestres son axentes poderosos na penetración do espacio histórico-cultural que lles dá aos aldeáns galegos a súa visión do mundo, por outro espacio cultural-histórico, o castelán e urbán, que lles impón aos aldeáns galegos o sistema de valores que é propio deste. E a súa responsabilidade, conscentes ou non da transcendencia do seu labor, non é pouca. Porque toda invasión cultural comporta a conquista e a manipulación por parte do invasor; quén, como escribe Paulo Freire, “reduce aos homes do espacio invadido a meros ouxetos da súa acción”. E non se esqueza, ademáis, que esta crase de invasión, que ademáis dun acto de soberbia é un acto de inxusticia —o educador, como persoa, ten dereito ás

súas opcións; pro non ten dereito a impoñelas—conduce irremediábelmente a unha colonización: cultural, económica, administrativa, política...

Un exemplo sinxelo: aquela señora maestra rural, de estración urbá tirando a burguesa, cando gurra o que pode por arrincar aos aldeáns da cultura que lles é propia a eles teimando por enxertalos na cultura que lle é propia a ela, en troques de educar a estas xentes —pra o que polo menos teóricamente se lle paga— o que fai aló e defender e perpetuar a súa situación de privilexio.

Os resultados concretos apálpense ben no desnorteamento tolledor que padecen arreo os aldeáns da nosa Terra. É natural, xa que logo, que os aldeáns galegos desconfíen de quén se achegue a eles.

Ao rillote rural que lle fan usar das matemáticas cáseque non máis que pra botarlle a conta ás gañancias que tira o tendeiro, de mercar por un precio e vender por outro, —e esto é o que se estila na escola rural en Galicia de ordinario— estáselle a decir ben craro, por máis que haxa quén se non decate desto, que o producir patacas pra comer, ou o vender mexilón pra mercar xabón, é unha actividade como quen di despreciábele. O rapaz rural galego que atopa nos seus libros escolares como imaxe paterna a dun señor acomodado, a descansar nun bon sillón gorentando a lectura dun libro grosso, está adeprendendo nelo que o seu pai labrego, que gasta o mellor do seu tempo emporcado polas cortes a acomodar o gando, ou o seu pai marifeiro, que bota meses a mancheas embarcado a milleiros de quilómetros sin case se comunicar cos seus, non son merecentes de ser chamados pais. A escola que sóio lles fala aos escolares das xentes famosas que acadaron

ésitos individuais, estálles amostrando aos educandos, por máis que sexa solermiñamente, que deben anoxar ás xentes anónimas de traballar solidario; que son todas as persoas que estes educandos atopan normalmente ao seu arredor.

Xa no século XVIII, e reparando na educación eiquí ao uso entón, o Padre Sarmiento escribiu: *Hace mucho tiempo que he notado que esta educación de fórmula y de chorrillo se entabla totalmente al revés; no para enseñar a los niños sino para alucinarlos, alelarios y confundirlos.* (¡Pois deso é do que se trata! —cústalle a ún traballo non desfogar despoixa de ter escoitado ao frade galego).

Esto pensaba o pai Sarmiento fai máis de 200 anos e o seu pensamento ten vixencia hoxe. As chatas denunciadas daquela aínda as estamos padecendo. Si el erguera a testa e reparara novamente na escola rural en Galicia non tería máis remedio que voltar escribir o mesmo; engadíndolle seascaso a calificación de alleación ou alleamento e colonización cultural ao mesmo tempo.

Despoixa do dito, ún asómbrase de que aínda esista en pe o pobo rural galego.

#### *Analfabetismo*

Digan as estadísticas o que queiran, o degraio de analfabetismo na Galicia rural é moi alto. Se é alfabeto o que é capaz de interpretar un escrito e de se espresar por escrito, como quere a UNESCO, —e ás alturas que andamos supoño eu que se non deberá conformar ún con menos— as máis das persoas aldeás galegas son rematadamente anal-fabetas.

¿Por qué?. Cúlpase aos pais, acusándoos de desnaturalizados se é que non mandaron á escola

os seus fillos arreo. Cúlpase ás xentes mesmas, considerándoas retrasadas mentáis se foi que non adeprenderon ben todo canto se lles ten ensinado. Pro a ún étranlle dúbidas de si se andará ou non se andará no certo. Porque, ¿os pais que ocuparon os fillos en coidar o gando no canto de mandalos á escola non se decataban ben do pouco que lles valería a eles o que perdían de adeprender? e ¿os rapaces que se teñen resistido ao dominio escolar non demostraron enerxía pra defenderen o seu natural?. Agardo que se me entenda e comprenda.

É verdade que na actualidade medróu un pouco —ou un moito, dame igual— a asistencia escolar no rural galego. Mais esto non é, como presumimos moitos mestres, motivado a que o ensino que se lles suministra aos rapaciños aldeáns teña mellorado. Nin é tampouco por razón de ter ameorado a conciencia ética dos pais.

É, dunha banda, porque a laceira nas aldeas galegas foi indo a menos e o labor dos rapaces xa non se fai indispensábele pra a subsistencia familiar. É, por outra beira, porque nas condicións de vida que lles son impostas hoxe ás xentes ruráis de Galicia incluso o cativo ensino escolar que se lles está a dar pódelles valer de algo. (Denantes, un home aldeán usaba da escrita pra mandar meia ducia de cartas aos seus dende o servicio militar; agora, os homes e as mulleres do rural fan uso da mesma pra se comunicaren coa familia dende lonxe, cecáis esgazada sin amaño en países e lugares diferentes, a máis de esgarabellaren catro riscadelas nos papéis que lles esixen sin escusa pra entraren a traballar). Pro esto non quere decir grande cousa en orde a unha alfabetización auténtica do mundo rural galego.

O problema sigue en pe.

## INTENTOS DE ENSINO DIFERENTE

Na gándara erma de realizacións positivas que é o eido educacional do rural galego que vimos de considerar, xurden algúns intentos de facer entre nós un ensino diferente. Sulifiaremos dous destes: un co cerne en Galicia, o outro co centro en Madrid.

Son alboriños febles. Que traguemos a conto por razón de que non contamos con cousa mellor, porque son eles quenes posibilitan o curto respiro que permite a agonía da consideración demorada do ensino escolar na Galicia rural durante o século XX, e tamén por aquilo de non omitiremos cousa que teña tido un algo de sinificación.

*O agrario como centro de interés*

Aló polo mil novecentos cuarenta e tantos, o financeiro lugués Antón Fernández López decatouse de que o rural galego se esfarelaba decontado. Cismóu nas causas do tal esfarelamento. Percuróu unha panca utilizábele eiquí e daquela pra deter o esnaquizamento do noso mundo labrego. E, nun intento de coutar a doenza nas súas raiceiras, decidíu botar a camiñar a escola rural galega por rodeiras diferentes.

O proxeito era ben sinxelo: teceríase todo o ensino escolar na realidade inmediata aos escolares como centro de interés; consecuentemente coa situación precisa do medio agropecuario galego. As aspiracións non eran miúdas: suministrándolle información abundante e ben dada encol do que a ela lle era máis próximo —o gando, os cultivos, as industrias ruráis— a xente labrega arraizariase

con firmeza e seguridade no seu propio medio; e remataría por trasformalo, modernizandoo ao mesmo. Como é natural, os profesores de primeiro ensino e as autoridades docentes non tiveron ren que opoñer.

Empezouse por capacitar aos escolantes interesados no ensaio, en cursiños de vran. Suministróuselles a estes algún material didáctico. E botouse a camiñar...

(Nota que pode ser que veña a caso: nas Orientacións Pedagóxicas oficiáis do ano 1970 especificase testualmente que compre o “coñecemento práctico e efectivo do medio ambiente e a proieción do centro docente na comunidade”; xustamente o que se consideróu fundamental á hora de cavilar este ensaio).

Pódese decir que a reforma ensaiada non foi a ramo. Hoxe está practicamente finada. Pro os seus resultados aínda non son mensurábeles: o xermoño fica ahí, e el ben pode agrelar en calquera instante.

Dende logo que sería ilustrativo analizar a fondo as causas e concausas responsábeles da evolución deste ensaio. Polo de agora abondará con deixar constancia de que fai 25 anos en Galicia houbo un intento galego de encamiñar a escola rural por vieiros desemellantes do que era a escola oficial. E se este intento galego atopara a resposta debida na Administración española, se cadra, a estas alturas, a educación en Galicia, e aínda o arcaico sector agrario galego, igual se atopaban un chisco mellor encarreirados.

Quen sabe.

### O Plan Galicia de Educación

Moito máis recentemente, cara o remate dos anos 60, e polas causas que fora, o Ministerio de Educación e Cencia decidiu confeccionar unha planificación sistematizada do ensino en Galicia.

Elaborouse un amplo estudo —o conocido popularmente por Plan Galicia de Educación— publicado en 1970, no que, en relación co ensino que se nos dá, reconocéuse pola forza dos feitos que Galicia conta con idioma e cultura de seu, que eiquí existe un evidente desaxuste entre a escola e a realidade, que o atraso educacional eiquí é secular, que a rexión padece un abandono permanente en materia educativa, que o sistema escolar imposto entre nós fracasou en redondo, que a escola rural en Galicia é un factor de alleamento e causa de decisións emigradoras, que a insolidaridade rural é un conto, que é preciso especializar ao maxisterio galego pra exercer eiquí, que se fai necesario rexionalizar a educación en Galicia... e aínda máis.

Coido non me trabucar unha res se aseguro que nos deu un pulo o corazón a todos cantos andamos a voltas co ensino en Galicia cando, suscrito polo propio Ministerio, este diagnóstico oficial da realidade escolar galega chegou as nosas mans. E logo, o noso abraiamiento non foi pouco cando constatamos que, despoixa de tanto esforzo interpretativo, a reforma verdadeira resultou tan rebixe como é amorear en concentracións escolares, nos poboados máis urbáns dunhas poucas comarcas galegas, as escolas unitarias espalladas polas aldeas. Certamente, pra este viaxe non se precisaban alforxas.

E velahí o que son as cousas.

### III

#### ESCOLA RURAL GALEGA

Bon. Despoixa desta acarreirada andaina pola escola que se fixo e se fai nos medios rurais galegos —labregos e mariñeiros—, despoixa de tereamos reparado unha miga no ensino escolar que foi e é habitual na Galicia rural, é chegado o intre, coida ún, de que cismemos un algo na escola que se non fai nos nosos medios rurais, no ensino escolar que está por facer nas aldeas da nosa Terra. Isto é, na escola acomodada ás xentes rurais galegas —mariñeiras e labregas—, no ensino escolar que debera ser habitual na Galicia rural.

Tócalle agora, xa que logo, ao tipo de escola que lles compre aos moradores das aldeas galegas; que —esto non se discutirá— teñen tanto dereito a un ensino escolar completo e axeitado ás súas propias necesidades como teñen dereito a un ensino comprido e concordado coas necesidades propias os habitantes das cidades, galegas e non galegas. Non será natural, nin xusto, nin human, que o Estado lle proporcione a un meniño as máximas posibilidades educativas conforme ás súas comenencias de crase polo feito de ter nacido el nun domicilio burgués fronteiro coa praza maior da cidade tal, e non lle proporcione, parellamente, as meirandes posibilidades educativas de acordo precisamente coas súas comenencias particulares a un picariño que non fixo cousa peor que ter nacido nun fogar labrego, ou mariñeiro, asentado á beira do turreiro da aldea cal.

No diagnóstico é doado concordar: a escola rural en Galicia adoce de chatas importantes. O tra-



tamento que corresponde recétase de seu: hai que reformar a escola do rural galego. Os remedios concretos, apricaránse asegún.

Polo pronto, Myrdal ten escrito: “as principais reformas educativas requeridas polos países subdesenvolvidos son esencialmente de índole cualitativa” engadindo ao dito que “moita da educación neses países, é hoxe incluso mera contraeducación, apta pra opoñer atrancos ao desenvolvemento”. Arrincando do feito de que o rural galego é un subdesenvolvemento dun desenvolvemento, e termando de se non encalatrar en novas trapelas, atoparase o carreiro dereito pra a reforma educativa que lle compre ao rural de Galicia.

Arriquémonos logo por algunhas cuestións que se haberán de considerar o día que se decida facerles escola comprida aos meniños rurais en Galicia. O esguellar as mesmas sóio ten comenencia pra engaiolar aos picaros do rural galego na dependencia segura de intereses que non son os deles.

#### *Educación Preescolar*

Según un conocido principio da UNESCO “a educación dos nenos na idade preescolar é un requisito previo, esencial, a toda política educativa e cultural”. Refírese, como é obvio, á educación escolar. E ten o seu fundamento en que, como ben se sabe, actualmente reconóceselle importancia decisiva á primeira infancia no tocante ao desenvolvemento futuro das aptitudes e da personalidade. Sendo que durante os primeiros 7 anos de idade alcanzamos por instantes capitais en orde á nosa configuración definitiva —eclosión da linguaxe, configuración de estruturas mentais, posesión do esquema corporal, etc., etc.— atoparase consonan-

te afortalar esta etapa da vida humá enroupándoa cunha asistencia escolar axeitada.

Pois ben, na Galicia rural, pra o caso todos os nenos de menos de 6 anos están aínda por escolarizar. E non é porque eles non deban ser escolarizados nin porque seus pais non gurren por escolarizalos: aos nenos da Galicia rural úrxelles un bo ensino escolar dende os seus primeiros anos de idade, e os mestres que exercen no rural galego andan fartos de lles bater co non legal nos nefres aos aldeáns de eiquí que percuran teimudos a caridade dun posto escolar pra os seus fillos de menos de 6 anos.

A mesma UNESCO formula unha das súas recomendacións aos países membros nos seguintes termos: “o desenvolvemento da educación do neno na idade preescolar deberase inscribir entre os obxetivos principais da estratexia educativa dos anos 70”. A Lei Xeral de Educación Española, que rexe dende o ano 1970, establece entre nós a educación preescolar —xardín da infancia pra nenos de 2 e 3 anos, escola de párvulos pra nenos de 4 e 5 anos— con carácter voluntario. A década dos anos 70 vai promediada... e eiquí non se albisca por ningures unha política educativa que tente en serio a escolarización eficaz dos meniños rurais en idade chamada preescolar.

Nas cidades e nas vilas, mesmo que sexan de Galicia, créanse polos organismos oficiáis algúns centros de educación preescolar. Poucos, dende logo: a taxa de escolarización preescolar en España é ridícula (un 33 por cento), en Galicia é insultante (arredor do 17 por cento). Nas aldeas desta Terra non se establecen practicamente centros docentes que acollan aos picariños menores de 6 anos de idade. E aínda hai máis; o transporte es-

colar que carrega moreas de pícaros aldeáns pra as concentracións escolares, hoxe por hoxe, non pode ser utilizado polos meniños de preescolar.

Seméllanos de todo craro que esta situación ven a ser non pouco discriminatória pra as xentes de Galicia en xeneral e aínda máis pra os aldeáns galegos en particular. Pois non haberemos de facérmonos ilusións considerando igualdade de oportunidades, por exemplo, ao feito de que todos os rapaces galegos dispoñan de posto escolar ao pasaren de 6 anos. De dous rapaciños que chegan xuntos á escola nesta idade, o neno que carece de contacto previo cos centros docentes de preescolar atópase en inferioridade evidente —inferioridade coa que pode cangar de por vida— en relación co neno que foi escolarizado no xardín da infancia e máis no parvulario.

É sabido de todos e tense reconecido incluso oficialmente. No Plan Galicia de Educación pódese ler “certamente, denantes da idade de 6 anos chócanse moitas desventaxas que posteriormente resultan moi difíciles de superar”. En “Vida Escolar”, Revista da Dirección Xeral de Ordeación Educativa, precísase “sóio ofrecendo a todos os nenos unha educación preescolar conscente e sistemática poderáse falar dunha auténtica igualdade de oportunidades, que non esistirá namentres que a educación preescolar non entre con categoría propia dentro do plan xeral de atencións económicas e educativas”.

Como saber, sábese. Mais os nosos rapaciños aldeáns de menos de 6 anos siguen sin escolarizar.

E eis, ao noso ver, unha das grandes cuestións que ten por resolver a escola rural en Galicia: escolarización, en centros apropiados, dos picariños

aldeáns en idades de 2 a 5 anos; cecáis máis dun cento de milleiros de rapaces que non reciben ningún tipo de asistencia escolar.

### *A cuestión da lingua é fundamental*

Pesie ao tempo andado, aínda se non ten descalificado aquela conclusión da Oficina Internacional de Educación, na conferencia encol do bilingüismo e a educación celebrada en Luxemburgo fai agora 45 anos: “o neno que ao entrar na escola escoita que lle falan nunha lingua diferente a aquela na que el ten por costume espresarse, experimenta un forte shock psicolóxico, coida que a súa lingua non é aprobeitábele, e adquire un complexo de inferioridade; amostrándose retraído e introvertido”. E veleiquí, pintadiño, o caso no que se atopan de feito os escolares ruráís en Galicia.

Como se deixa dito, estes nenos chegan á escola naturalmente instalados na lingua galega. A escola recíbeos en lingua castelá. E de resultas, os picariños anoxan a súa lingua, ensúmense en sí mesmos e acompléxanse. É mágoa que os máis dos escolantes se non teñan decatado do orixe destas doenzas: o que é usado ter por chata natural dos escolares ven a ser consecuencia segura de lles facer a escola nun idioma que non é o deles.

Porque “a lingua materna é o medio natural de expresión dunha persoa”, no decir da UNESCO, a escola que refugue por sistema a lingua nai dos escolares no seu ensino couda as posibilidades espresivas déstes. Elaborará mudos ou cando máis, tateos. Como “o pensamento é tributario do idioma deprendido na nenez”, según frase dun sicólogo, non se ve moi craro que a escola que pres-

cinda do idioma materno dos escolares poda cultivar nêstes as súas posibilidades discursivas. Ademais de tateos idiomáticos, esta escola andará a fabricar toutós de entendemento. Posto que “a lingua nai é o vincallo do neno coa coleitividade da que el forma parte”, e ésta é outra sentencia da UNESCO, a escola que non usa cos escolares a súa lingua nai está a producir xentes desleigadas, insolidarias, desclasadas, sin raiceiras en ningures.

E tanta tolledura xunta xa é moita pra non ser feita de man tenta.

Fagamos pe, con firmeza, na condición primeira que entendemos que ten de comprir a escola rural galega: debe ensinar en idioma galego. Doutra maneira, atentarás descontra da persoalidade dos escolares que se lle encomendan.

Derradeiramente, e forzados polas circunstancias, empézase a deixar circular entre nós esta vella e resabida verdade. Deschoéronse algúns portelos oficiáis —a Lei Palasí e as Orientacións Pedagóxicas en vigor autorízano— por onde pode entrar, si se dá maña, o idioma dos nenos ruráis galegos no ensino déstes. En Galicia existen algúns organismos —o Instituto da Lingua Galega é quen máis leva feito— que se acordan de empurrar pra que se faga uso da lingua galega na escola. Nos nosos medios ruráis, afortunadamente, hai algúns mestres de escola que ensaian neste intre o uso escolar da lingua galega...

Camiñamos. Mais non nos empaliquemos. As abstencións por unha banda e os ten con ten por outra, conlevan complicidade. Relémbrese, por un seascaso, o concepto de “conciencia inxenua” no senso que lle dá o educador Freire.

O ensino cabal dos nenos ruráis de Galicia require un tratamento escolar do idioma galego se-

mellante ao tratamento escolar do seu idioma materno que require o ensino cabal dos nenos de calquera parte do mundo. Sinxelamente, eiquí é preciso facer uso do idioma galego como idioma principal en toda a escola dos nenos ruráis. Como idiomas segundos, pódenselles e débenselles ensinar a estes nenos todos cantos idiomas resulte posible.

E xa que imos de camiño tomemos un ar pra considerar un instante dúas actitudes que non son insólitas entre o profesorado rural en Galicia verbo da nosa lingua en relación co ensino. O profesional que traballa con rapaces da aldea eiquí e se decrara en contra de facer uso a fondo do idioma galego na súa escola... que el non diga que sinte respecto polas persoas que fai que educa; máis ben botaremos de conta que el lles ten xenreira, ou ben que laboura a prol de quen as esplota. O outro que runfa con que non batéu coa cuestión da lingua... ou é cego de nacencia, ou é cínico por natureza, ou especula coa posibilidade de nos facer comungar con rodas de muíño. En calisquera dos casos, e por moito que se barulle, a súa valía como mestres de escola non merece moito creto.

*Do idioma galego, en idioma galego, rural e galego*

A cuestión do idioma no ensino é certamente básica. Parece non ter volta de folla que o ensino comprido dos nenos ruráis en Galicia esixe o ensino do idioma galego e esixe, asimade, o ensino en idioma galego. Coidamos que abonda xa de amostalo e demostralo.

E entendemos que este ensino esixe, igualmente, cumprir as condicións de ser rural e de ser ga-

lego. Estas condicións, nesta hora, non as cumpre. ¿Ou é adoito tratar detidamente e con prioridade, na escola que se lles fai aos picariños ruráis de Galicia, dos coidados do gando, das colleitas locais, dos labores do campo e do mar, dos costumes da aldea, do vivir cotián das familias das que forman parte estes nenos, e mesmo da xeografía, a historia, a socioloxía, a economía, a arte, a literatura, etc., que son propias do país galego?

Fai un pouco dixemos que acontece o contrario: a escola que se lles fai na actualidade aos meniños ruráis de nós técese polo común, xa dende os primeiros niveís do ensino, sobor de contidos que lles son decididamente alleos aos tales nenos; esguellando polo regular toda referencia escolar, educativamente válida, á realidade concreta que arrodea aos mesmos.

Que se saiba que esto acontece en contradición evidente cos máis elementáis principios da Pedagogía; que aconsella encetar o ensino, pra que este resulte axustado ao educando, xustamente tratando na escola de aquilo que ao escolar lle pilla máis de perto. Faise en contra, e incluso con certo abafallo, do que é ordenado nas orientacións pedagóxicas eiqú vixentes. Á contra, craro é, da educación auténtica dos nenos; que se ten de arraizar alí onde xurden eles. A trasmán dos intereses que lles son máis próximos aos nosos pícaros; pra os que ten comenencia meirande o coñecemento máis vivo do país de seu: porque é nel onde teñen os alicerces, porque por propia vontade non haberán de sortir a traballar e a vivir fora del. E que non se ignore que, con intención ou non, a escola así feita dispón os escolares pra acetaren manseliños a súa propia colonización.

Veleiqú, xa que logo, outra das dimensións

con que deberá contar a escola rural en Galicia. Terá que dar comenzo por se ruralizar e por se galeguizar. E non, precisamente, por mor dun chauvinismo rabeno. Resulta que é sabido que unha acción escolar cavilada pra o desenvolvemento real e normal dos educandos hase realizar en dous andares; que son sucesivos. Primeiramente, mergúllase a éstes na cultura propia do seu medio. Despoixa desto, pónense estas xentes en contacto coa cultura doutras xentes: de perto e de lonxe delas.

### *Educación liberadora*

Deixamos falado de invasión cultural, de alleamento e dependencia, de colonización de todo tipo. Son situacións de opresión que padecen realmente as xentes aldeás en Galicia. Estas xentes, hoxe en día, non son donas de sí. Elas non teñen decisión nas máis das cuestións que lles atinxen.

Pois como a finalidade da educación non consiste en agrilloar o individuo a un tallo determinado, senón que ven a ser o desenvolvemento verdadeiro de toda a persoa; pra o que ésta ten de se atopar ceibe. E posto que a educación se non fai en abstrato, que se efectúa en persoas concretas: dun lugar e nun tempo. Non cadrará moi arriscado concluíremos pola nosa conta que á escola que se lle faga á rapazada rural de Galicia —eiquí e agora— se ha de ser educadora, contemplando a problemática actual dos aldeáns galegos, correspóndelle educar na liberdade. Isto é, deberá impartir educación liberadora.

“A educación na práctica da liberdade —según unha autoridade da educación liberadora— non é a transferencia ou a transmisión do saber, nin da cultura, nin a extensión dos coñecementos

técnicos, non é o acto de depositar informes ou feitos nos educandos... non é o esforzo de adaptación do educando a un medio". Tanto á educación de consumo (saber por saber) como á educación de inversión (adeptar pra render máis) que son habituais entre nós — e por máis que ambas podan ser lexítimas— non lles acai o calificativo de liberadoras.

A educación liberadora ten por norde converter o educando en suxeto axente do seu propio desenvolvemento educacional. Ela arrinca da realidade mesma en que se atopa o ser que se educa. Considera que esta realidade é sempre modificábele e dá por seguro que a mesma conta con elementos pra a súa modificación. Conduce a que o educando esplicite de seu a súa situación de obxeto: manipulado, alleado, dominado. E desemboca na loita activa e persoal por se ceibar dos atagallos que son atranco real pra o propio desenvolvemento máis cabal.

Como antídoto da invasión cultural, do alleamento e dependencias, das colonizacións de todo tipo —que son chatas que enlixan a situación concreta en que se atopan nesta hora os aldeáns galegos— a escola rural en Galicia pode tentar o poñer en uso entre nós a concientización —tomar conciencia lúcida e crítica da propia situación— que é o miolo, con probas de valía, da educación liberadora.

Ollamos por eiquí unha nota máis que haberá de caracterizar, no noso entender, á escola rural en Galicia. Será liberadora. Verá de coutar os atrancallos seculares que tollen dende vello o desenvolvemento normal dos aldeáns galegos. Deixará ceibes todas as posibilidades de que dispón en sí

cada persoa, desbloqueando as testas pra facer posíbele un comprido desenvolvemento.

Pro moito ollo, que este labor non se pode dar feito. Pra esta función non cadran as castañolas de ningún tipo de asistencialismo educativo. A escola debe poñer a cada ún no disparadeiro de poder acadar resultados personáis por sí cadaquén.

### *"Rexionalizada"*

Pra rematar, diremos tamén que pensamos que a escola rural en Galicia deber ser unha escola rexionalizada. E enfeitizamos a verba cos brinques das comiñas polo aquél de que cadaquén non enxergue na mesma o que a cada ún lle veña ben.

Nesta hora que vivimos, o centralismo aferrolador xa non lle fai chiste a ninguén que lle non negue a algúns homes a súa capacidade de autodeterminación: o ser homes. Descentralizar é preciso. Pro, descentralización non equivale a desconcentración. O descentralizar a educación, ccidamos nós, non é o establecer na capital de cada provincia unha sucursal perfeta do Ministerio de Educación e Ciencia; como ten decrarado en letra impresa algún delegado galego que era a súa aspiración maior. Ao noso ver, educación auténtica e mentalidade sucursalista son concetos que no casan ben.

Por motivacións políticas, sociolóxicas, económicas... a rexionalización vaise abrindo camiño, digamos no máis asisado do pensamento mundial. E dunha maneira ou doutra, a rexionalización inclúe un alto grado de autonomía. O ente responsábele da educación en Galicia —se o houbera— denantes que facer cumprir consinas xeneradas fora da rea-

lidade galega deberá realizar estudos e elaborar solucións, coleitivamente, dende dentro da tal realidade mesma.

Pra que a escola rural en Galicia sexa unha escola pra a Galicia rural —pra que esta escola sirva enteira e verdadeira aos aldeáns galegos, en consonancia co que fica dito— cecáis, ou sin cecáis, é preciso que as máis das decisións educativas atinxentes á Galicia rural sexan tomadas precisamente en Galicia. Tomadas en Galicia, e decididas popularmente, en grande medida polos aldeáns galegos.

De non ser así, cecáis non dixemos ren.